

A Xunta de Goberno Local en sesión de data do 13 de maio de 2009, adoptou o seguinte acordo:

ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA OBRA DE "PARQUE INFANTIL ALAMEDA SEÑAL".

Primeiro.- Adxudicar provisionalmente a obra do PARQUE INFANTIL ALAMEDA DO SEÑAL, á empresa HPC IBÉRICA, S.A.; co CIF nº A-58620808 e domicilio na rúa París nº 184, 2ª de Barcelona, polo importe de TRESCENTOS CUARENTA E CATRO MIL SETENTA EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS //344.070, 63 €/// cunha mellora sen custe adicional valorada en SETE MIL TRESCENTOS CUARENTA E TRES EUROS //7.343,00 €///, un prazo de execución de dous meses e quince días, e unha aportación de man de obra de oito persoas, das cales sete están integradas no cadro de persoal da empresa e unha será de nova contratación.

Segundo.- Notificar a adxudicación provisional aos candidatos que non resultaron adxudicatarios: LAPPSET, HPC, CONTENUR, MOBIPARK, GALOPÍN, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS E CONSTRUCCIONES VALE, S.L., E PROMOCIÓN CASA MAESTRA.

Terceiro.- Notificar acordo que se adopte, ao adxudicatario, e requirilo para que no prazo de cinco días, contados desde a publicación deste acordo no Perfil do Contratante, cumpra cos seguintes trámites:
* Achegar a documetación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, Seguridade Social, Xunta de Galicia e Concello de Cangas.

- Constituir garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- Presentar xustificante de ter aboado ao Conclelo o importe dos anuncios de licitación.

Cuarto.- Nomear directora de obra á Arquitecta Técnica Municipal, Dª Carmen Gómez Cancela.

Quinto.- Dar publicidade da adxudicación provisional deste contrato coa súa inserción no Pefil de Contratante.

O que se fai público no Perfil do Contratante do Concello de Cangas o día 18 de maio de 2009.